



100

Bolsas formativas
para proxectos
de mellora en Pemes

abrindo as portas
da empresa
a novas e novos
titulados

XUNTA DE GALICIA

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) abre a nova convocatoria do **Programa de Bolsas Formativas para realizar Proxectos de Mellora nas Pemes Galegas**, unha iniciativa que ofrecerá a súa primeira oportunidade na empresa a **100 novas e novos titulados universitarios**, a través dun itinerario específico teórico-práctico que inclúe formación previa especializada e un período de prácticas no que prestarán servizos en distintas pemes e organismos intermedios, titorizados por diferentes expertos.

As bolsas enmárcanse no programa **re-Acciona**, co que o Igape facilita a prestación dun completo abano de **servizos avanzados de mellora competitiva** ás pemes galegas. A incorporación de novas e novos titulados á prestación destes servizos permítelles non só acadar unha experiencia máis rica que coa presenza continua nunha mesma empresa, senón tamén **incrementar as súas posibilidades de acadar emprego**, ben directamente na peme coa que colaboran a través da súa bolsa, ben nalgunha das pemes destinatarias dos servizos avanzados facilitados polo Igape e os seus axentes colaboradores a través do re-Acciona e, en xeral, nas empresas coas que manteñen contacto durante o programa formativo.

CARACTERÍSTICAS E ESTRUCTURA DO PROGRAMA

As novas e novos titulados beneficiarios das bolsas incorporaranse a un itinerario formativo especificamente deseñado para a participación no programa e que inclúe un **período teórico de 40 horas** en diversas áreas relacionadas coa profesionalización e desenvolvemento estratéxico das pemes e **un ano de prácticas formativas** en pequenas e medianas empresas, entidades ou axentes que estean desenvolvendo ou avaliando proxectos de mellora, baixo a supervisión de entidades colaboradoras do Igape, clústeres ou asociacións de apoio ao emprendedor.

O programa prevé o acceso dos bolseiros e bolseiras a **varios proxectos** de mellora en distintas empresas (en función da súa duración) e a posibilidade de que os novos titulados poidan **especializarse en proxectos de mellora** impulsados por **pemes** ou **clústeres**, así como nos procesos de avaliación e asesoramento de novos proxectos empresariais levados a cabo polos axentes integrados na **Unidade Galicia Emprende**.



DESTINATARIOS E REQUISITOS DE ACCESO

Poderán optar ás bolsas en proxectos de mellora de pemeas e os titulados universitarios galegos (en Física, Enxeñería, Matemáticas, Química, Administración e Dirección de Empresas, Economía, Dereito, Bioloxía/Biotecnoloxía e Farmacia) que obtiveran o seu **título no período 2011-2016**. As e os titulados do 2017 poderán acceder sempre que poidan acreditar o título con anterioridade á data de finalización do prazo de solicitudes.

As e os aspirantes **non poderán ter desfrutado** anteriormente de **ningunha outra bolsa do Igape, nin tampouco ter desempeñado con anterioridade algún traballo profesional** para o que se requirise a mesma titulación esixida nesta convocatoria (en virtude de calquera tipo de contrato laboral de duración igual ou superior a seis meses). De igual xeito, as bolsas son **incompatibles** con calquera outra bolsa ou axuda de similares características, así como con calquera relación laboral ou de prestación de servizos remunerada do bolseiro ou bolseira durante o período de formación práctica.

A selección final de aspirantes realizarase polo **sistema de concorrencia competitiva**, baseándose no expediente académico, a formación adicional, a titulación obtida e o coñecemento de idiomas.



DURACIÓN E CONTÍA DAS BOLSAS

Ademais das **40 horas de formación teórica previa**, a bolsa constará de **1 ano** de duración de **prácticas formativas** (a incorporación ás distintas empresas realizarase ao longo dun ano: desde arredor de 2 meses despois do peche da convocatoria no DOG ata un ano despois, en función das necesidades dos programas do Igape nos que se especialicen os bolseiros).

O programa formativo estará dotado cunha cantidade base anual de **10.800 euros brutos por bolsa / 900 euros brutos mensuais** (considéranse incluídos: a seguridade social, no seu caso, os impostos de carácter persoal, así como todos os gastos en que teña que incurrir o bolseiro para o desenvolvemento das fases teórica ou práctica). En caso de prórroga da bolsa, a dotación incrementarase proporcionalmente segundo a duración da prórroga.

PRAZO E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes é **ata o 14 de setembro de 2017**.

As e os interesados poderán presentar a súa solicitude seguindo as indicacións recollidas no seguinte enlace:

<http://www.igape.es/gl/ser-mais-competitivo/asesoramento/re-acciona/bolsas-re-acciona>

Así mesmo, pódese consultar calquera dúbida ou solicitar axuda para a tramitación en calquera oficina do Igape, nos números de teléfono 900 81 51 51 / 981 54 11 47 e a través do enderezo electrónico informa@igape.es.

